

SAÍNZA



Sáinza ollou de novo o reloxo cos ollos entreabertos e deixou escapar un profundo suspiro. Xa eran as dúas da madrugada e aínda tiña diante dela un considerable montón de folios cos seus apuntes da clase. Sentíase incapaz de memorizar todo iso en só unhas horas e con tanto sono como tiña. Refregou os seus ollos verdes e tentou seguir estudando para o exame dese mesmo día, pois xa pasaba de media noite. Notaba como as pálpebras lle pesaban moito, e á fin o sono acabou vencéndoa por completo e caeu durmida sobre a montoneira de libros. Non se decatou de nada máis do que pasaba ao seu arredor ata a mañá seguinte.

Amencera un soleado día de verán. Os raios do sol atravesaban os cristais da súa fiestra e penetraban no cuarto da rapaza, inundándoo todo coa súa luz. Ela levantouse dun chouto da cama e abriu a xanela. Logo, asomou a cabeza e o aire quentiño acaricioulle as fazulas. Era un caloroso día e Sáinza decidiu saír coas amigas. Meteu nunha mochila o in-

dispensable neses casos e deixou unha nota de aviso á súa nai dicindo que volvería á noite.

Media hora máis tarde, xa se atopaban todos os amigos reunidos na súa praia favorita. En realidade, só era un pequeno areal illado do resto das praias, sempre saturadas de xente. Alí estarían tranquilos e ninguén os molestaría. Todos estaban contentos, pois xa rematara o curso escolar e eran libres, á fin, para gozar do verán. Mergulláronse na auga morníña do mar e, ao pouco tempo, Sáinza foi deitarse na súa toalla para tomar o sol. ¡Que ben se estaba alí, cos raios de luz acariciándolle as costas! De súpeto, notou que alguén lle rozaba un ombreiro e a zarandeaba.

-¡Esperta, Sáinza! ¡Esperta, que quedaches durmida! – Susurroulle ao oído unha voz agarimosa.

A moza espertou desconcertada. ¡Todo fora un soño! ¿Onde se atopaba? ¿Non era ese o seu cuarto? ¡Non podía ser! Agora comprendíao todo. Adormecera mentres estudaba e ía suspender o exame.

Mirou o reloxo. Eran as oito e cuarto e as clases comezaban ás nove. Vestiuse con présa e foi almorzar, aínda que non foi quen de probar un só bocado de comida, pois tiña un bulideiro de nervios no estómago.

Saíu da casa sen comer e encamiñouse cara o instituto. Se non se presentaba ao exame, o profesor poñeríalle un cero. A verdade é que ía suspender igualmente.

Xa chegaba tarde. Cando entrou no edificio xa todos os seus compañeiros estaban na aula. Petou na porta. Unha voz convidouna a sentar na súa cadeira nun recanto da clase.

Repentinamente, o mestre dixo:

-Vouvos entregar as notas dos exames de onte. Hai varias persoas que o fixeron moi ben.

¿Como que o exame de onte?-pensou Sáinza- ¡Se eu non fixen ningún exame! Non

entendo nada... ¿Cantos días quedei durmida?-concluía.

Os seus pensamentos foron interrompidos polo profesor:

-¡Sáinza!-chamou- ¡Moi ben! Foi a mellor nota de todas. Sacaches un sobresaínte- sentenciou.

¿Como? Non o podía crer ¿Estábase a volver tola ou que?

Todas estas preguntas precisaban unha resposta urxente, mais nunca soubo a solución dese enigma.

Tania Carril Vázquez. S3B